

## **III Concurso de Fotografía**

### **"A Ciencia en Imaxe"**

Facultades de Bioloxía, Ciencias, Física, Matemáticas, Química e a Real Academia Galega de Ciencias

Convócase á Comunidade Universitaria da USC para participar na terceira edición do Concurso de Fotografía "A Ciencia en Imaxe", organizado polas Facultades de Bioloxía, Ciencias, Física, Matemáticas, Química, e pola Real Academia Galega de Ciencias con motivo da celebración da festividade de San Alberte Magno.

#### **Bases do Concurso**

Os que optaren por rexistrar a súa participación no III Concurso de Fotografía "A Ciencia en Imaxe" declaran aceptar estas regras e a súa interpretación feita polos organizadores.

#### **Inscricións e distribución de obras**

O prazo para inscribirse estenderase dende o 24 de outubro ata o día 7 de novembro de 2016.

O rexistro é gratuíto e terá lugar no momento no que o concursante envíe o arquivo das súas fotografías á dirección de email: [fcdeca@usc.es](mailto:fcdeca@usc.es).

Os datos necesarios para rexistrarse son:

- Nome e Apelidos
- DNI
- Relación coa USC (Alumno, PAS, PDI) e facultade
- E-mail e teléfono
- Fotografía para presentar

Estes datos non serán utilizados para calquera outra finalidade non relacionada co concurso.

O Concurso está aberto a calquera tema relacionado coas Ciencias, a Investigación e a Divulgación Científica.

## **Formato**

Cada participante poderá presentar un máximo de tres imaxes, dixitalizadas e realizadas con calquera equipo, profesional ou afeccionado, incluído o teléfono móbil.

A fotografía enviada debe ser orixinal, inédita (non publicada en calquera medio de comunicación, ata dixital) e non presentada a concursos. De ser o caso, o autor sería inmediatamente descualificado.

A fotografía virá acompañada dun título e pode incluír un breve comentario ou reflexión do autor.

Debe estar en formato JPG e ter un tamaño mínimo de 2 MB.

Ademais, recoméndase que o ficheiro non sexa superior a 5 MB.

## **Xurado**

O xurado estará composto por un membro de cada centro da USC, un membro da Real Academia Galega de Ciencias e un experto en fotografía. O xurado decidirá por maioría as fotografías premiadas segundo os seguintes criterios: orixinalidade, estética, conciencia social, capacidade crítica e comunicativa e adecuación ao tema proposto.

## **Premios**

1º Premio: 300 euros

2º e 3º Premio: 100 euros

## **Gañadores**

Os participantes gañadores serán notificados deste feito, por medio do contacto indicado no acto da inscrición.

Os autores cuxas fotografías foran elixidas entre as 3 gañadoras, deberán asistir ao acto de entrega do premio o día 14 de novembro no Salón de Graos da Facultade de Ciencias de Lugo.

## **Exposición**

As fotografías presentadas e seleccionadas poderán ser impresas e expostas polos organizadores do concurso nunha exposición a realizarse na USC. Esta actividade terá a máis ampla difusión posible a través das canles habituais.

## **Licenzas**

Os participantes no Concurso de Fotografía expresan o seu acordo de que as fotografías enviadas poden ser utilizadas polos organizadores, patrocinadores ou colaboradores para os efectos culturais e sociais, sen incorrer en ningún pagamento ou compensación aos autores.